

# *Informe anual de transparencia 2020*



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade



**16** PAZ, XUSTIZA E  
INSTITUCIONS  
SOLIDAS



**OBXECTIVOS  
DE DESENVOLVEMENTO  
SOSTIBLE**



---

---

---

---

---

---


---

---

---

---





## Introdución

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), inclúen as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas no seu ámbito de aplicación.

A Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de auto organización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso apróbase, en sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro do 2017, o regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. Dito regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra banda, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e o rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso, e das obrigas e os compromisos das distintas normativas, trasládanse ao regulamento, o que permiten situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis

amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse así mesmo os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no artigo 22 a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. Dito informe recollerá:

- a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- d) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

En cumprimento do anterior realízase o seguinte informe anual correspondente ao ano 2019, co contido seguinte: avaliación do grao de cumprimento das obrigas

de publicidade activa por parte da Universidade de Vigo e dos restantes suxeitos obrigados, estatísticas relativas ao dereito de acceso, datos sobre a información consultada no Portal de transparencia e a relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

A Universidade de Vigo atópase en pleno proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións en transparencia que se presentan neste informe axudan á nosa Universidade no cumprimento do ODS 16, en particular, a meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade.

A cuestión máis destacable deste informe de transparencia de 2020 é o alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa, cumprindo xa durante o ano con todas as obrigas, incluíndo a publicación das viaxes institucionais que se atopaba pendente.

No relativo ás solicitudes de dereito de acceso, cun total de 19, das cales temos unha denegación, unha concesión parcial, unha solicitude arquivada e 17 concesións. Temos tamén unha reclamación presentada ante a Comisión de Transparencia de Galicia, que estimou a petición da persoa solicitante.

En relación coa información máis consultada no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, produciuse un descenso moi acusado das visitas reais con respecto ao 2019. Un descenso que pode ser debido a diferentes circunstancias tal e como se explica no apartado correspondente. Acadanse un total de 39.642 accesos. “UVigo en cifras” segue a ser o apartado do Portal que maior número de visitas recibe, acadando o 57,76 % das mesmas, porcentaxe moi similar ao 2019.

Con respecto á posición da Universidade de Vigo nos rankings, hai que destacar que a Fundación Compromiso e Transparencia, no seu informe “Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas”, coloca á Universidade de Vigo no terceiro posto, manténdose entre as universidades transparentes. Por outra banda na clasificación de transparencia da entidade Dyntra, a UVigo acada en decembro do 2020, a segunda posición.



## *Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa*

A Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, á publicidade activa, indicando cales deben ser os principios xerais e cal debe ser a información que está suxeita á mesma. Os suxeitos da lei están obrigados a publicar, de forma periódica e actualizada, a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. Así, debe ser obxecto de publicidade activa: a información institucional, organizativa e de planificación; información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística. Tamén a Lei galega 1/2016, de transparencia e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, a establecer cales son as obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que tamén amplían as establecidas pola Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Marcando novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou de materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

O Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017, tamén ocupa o seu capítulo II á publicidade activa. No seu artigo 5 indícase que a Universidade e as demais entidades incluídas no ámbito de aplicación do antedito regulamento

publicarán a información prevista na lexislación estatal e autonómica de transparencia. Ademais publicará información sobre a actividade docente, a actividade investigadora e a transferencia do coñecemento e actividade de extensión universitaria.

No artigo 7 do Regulamento de transparencia da nosa Universidade, indícase que se disporá dun portal web que facilita o acceso gratuíto da cidadanía á información suxeita ás obrigas de publicidade activa de xeito claro, accesible, estruturado, interoperable e reutilizable. A información publicada no portal será actualizada permanentemente, con indicación expresa da data a última actualización e, de ser posible, a data en que se volverá actualizar.

Atendendo as obrigas recollidas na normativa anterior créase unha táboa de obrigas de publicidade activa que debe cumprir a Universidade de Vigo. Dita táboa, recolle unha descrición da información que debe ser publicada, o apartado do portal no que debe ser publicado, a fonte dos datos publicados, a quen corresponde a responsabilidade de publicación, a norma e artigo que recolle a obriga de publicación, e o momento da actualización periódica.

Debemos ter en conta que o número de indicadores (preceptos legais) veñen marcados pola normativa de aplicación á UVigo. Así vemos que na “Ley 19/2013 de transparencia, acceso a la información pública y buen

gobierno”, implica a necesaria publicación dun total de 19 indicadores relativos á: información institucional, organizativa e de planificación, información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística.


Con respecto á Lei autonómica 1/2016, de transparencia e bo goberno, é necesaria a publicidade dun total de 50 indicadores, referentes ás seguintes áreas: información institucional, organizativa e de planificación, información sobre as relacións coa cidadanía, información de relevancia xurídica, información en materia de persoal, información económica, orzamentaria e estatística, información patrimonial, información sobre a contratación pública, información sobre a concesión de servizos públicos e información sobre subvencións.

Por outra banda o Regulamento de transparencia da UVigo recolle a obriga de publicar un total de 17 indicadores, a maior parte deles relacionados no apartado publicidade activa, no que atopamos información sobre: oferta académica, indicadores incluídos nos procedementos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais, información sobre resultados de seguimentos e acreditación das titulacións oficiais, información sobre os resultados relacionados co rendemento académico, resultado de avaliación da docencia e das titulacións, información sobre o resultados dos programas de internacionalización, os indicadores de inserción laboral das persoas egresadas, guías docentes, perfil do profesorado, canles de representación e comunicación co alumnado, información sobre a estrutura de investigación e transferencia, así como composición dos grupos de investigación, información sobre os principais resultados da actividade investigadora, e sobre os resultados relacionados coa transferencia, resultados da oferta de cursos e obradoiros, así como das actividades culturais e deportivas. Tamén se publica a información propia do rexistro de actividades e bens patrimoniais de altos cargos, así como sobre os mecanismos de participación (cartas de servizo e sistema de queixas, suxestións e parabéns).

En relación con outra normativa que tamén implica obrigas sobre a publicidade de información debemos destacar, que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 que, na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, que no seu punto cuarto indica que cada Administración Pública deseñará un plan de control do absentismo, que debe ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. En dito portal serán tamén obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificado por causa, cunha periodicidade polo menos semestral.

Como vemos son un total de 88 items, indicadores ou informacións detalladas que procuran aportar a máxima transparencia sobre a actividade da nosa institución. Deses 88 items cumprimos un total de 87, a falta de publicar o plan de absentismo laboral. Información máis detallada do contido dos mesmos pode atoparse no cadro de obrigas de publicidade activa que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>







## *Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública*

Segundo o artigo 12 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto por dita lei. No artigo 13 da devandita lei indícase que se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún suxeito incluído no ámbito de aplicación da lei e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Os límites do dereito de acceso, segundo o artigo 14, cando o acceso á información supoña un prexuízo para: a seguridade nacional; a defensa; as relacións exteriores; a seguridade pública; a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; á igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva; funcións administrativas de vixilancia, inspección e control; os intereses económicos e comerciais; a política económica e monetaria; o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial; a garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisións; e a protección do medio ambiente. A aplicación destes límites debe ser xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade, atendendo ás circunstancias do caso concreto.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno de Galicia, no seu artigo 24, exprésase en termos similares cando indica: todas as persoas teñen dereito de acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Entendendo por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato e soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Durante o 2020 recibíronse un total de 19 solicitudes de datos que se amparan nas leis e artigos anteditos. Con respecto aos datos do 2019 hai un descenso de 7 peticións amparadas no dereito de acceso, o que implica un descenso de máis dun 26 %.

As 19 solicitudes recibidas deron lugar a un total de 20 resolucións. Dezasete delas foron estimadas e concedidas. Procedeuse ao arquivo dunha solicitude, debido a que se requiriu á persoa solicitante que especificase a información solicitada, requirimento ao que non contestou. Finalmente unha das solicitudes deu lugar a dúas resolucións. A primeira de ditas resolucións foi unha concesión parcial, na que se entregou a información solicitada posto que non estaba afectada por ningún límite dos contidos na lexislación aplicable. A segunda resolución resultou denegatoria, porque a información solicitada afectaba aos intereses económicos

e comercias segundo o artigo 14 da lei 19/2013 1, que contén os límites do dereito de acceso. En concreto a letra h de dito artigo na que se indica que o dereito de acceso pode ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais.

#### Dereito de acceso. Evolución 2018 - 2020

Tipo de resolución	2018	2019	2020
Concesión	20	23	17
Concesión parcial	-	1	1
Arquivo	-	1	1
Denegación	-	1	1

Con respecto á forma en que se solicitaron as peticións: 13 foron realizadas a través do formulario web posto á disposición das persoas usuarias, que se pode atopar no Portal de Transparencia, 4 a través de correo electrónico e 2 no rexistro da Universidade. Confirmando así a tendencia a facer uso do formulario que se atopa no Portal de Transparencia.

#### Dereito de acceso. Medio de pedimento 2018-2020

Medio de procedemento	2018	2019	2020
Portal formulario	9	10	13
Correo electrónico	6	8	4
Rexistro	3	8	2
Valedora do Pobo	2	0	0

Das 19 solicitudes recibidas 15 foron de asignadas á Secretaría Xeral e 4 á Unidade de Análises a Programas, correspondendo as da Secretaría Xeral a peticións de documentos e as asignadas a UAP a petición de datos. Os temas dos que tratan son variados, dende datos relativos a cuestións académicas, tales como número de persoas matriculadas, pero tamén destacan as informacións solicitadas sobre convenios subscritos pola Universidade de Vigo, retribucións de determinados cargos, procesos selectivos ou número de PCR realizadas.


O tempo medio de resposta é de 20,65 días, mellorando en case un día a media do 2019. Facendo unha análise polo miúdo podemos destacar o seguinte: 8 das solicitudes son respondidas nos 10 primeiros días dende a solicitude; 9 solicitudes son contestadas entre os 11 e os 30 días. Das solicitudes restantes cabe destacar que unha foi arquivada por inactividade da persoa interesada, mentres que a solicitude que da lugar ás resolucións de concesión parcial e denegación se producen fora de prazo.

Con respecto ao sexo das persoas que fan as solicitudes 16 delas son homes e 3 son mulleres.

#### Dereito de acceso. Tipo de información e tempo medio de resposta

Tipo de información	2018	2019	2020	2018	2019	2020
Datos (UAP)	7	8	4	16,33	8,12	2,75
Documentos (Secretaría Xeral)	13	18	15	21,93	27,38	27

En canto ao número de peticións por persoa, vemos que durante o 2020 quince persoas fixeron unha única petición, mentres que 2 persoas fixeron 2 peticións e unha persoa realizou 3 peticións. É interesante recollelo posto que implica que as persoas consideran que o sistema de acceso é un medio adecuado e efectivo para acceder a información e repiten no seu uso.




## Portal de transparencia

### Xestión da información no Portal de Transparencia

A Universidade de Vigo, afianzando o seu compromiso coa transparencia, ten á disposición da cidadanía o seu Portal de Transparencia distribuído nos seguintes dez bloques: información institucional, información económica e orzamentaria, información sobre o persoal, perfil do profesorado, oferta e demanda académica, Responsabilidade social, Rankings e distincións, UVigo en cifras, Acceso aberto e dereito de acceso. Ademais prodúcese o cambio de denominación do apartado docencia que pasa a denominarse oferta e demanda académica, recollendo información dos estudos e titulacións que poden cursarse na Universidade de Vigo, as guías docentes de ditos estudos, a demanda académica dos estudos de grao, mestrado e doutoramento, así como bolsas, axudas e asesoramento que pode recibir o estudantado.

Cada un destes bloques engloba información de diverso tipo, dende as axendas institucionais, a normativa, pasando pola información de diversos indicadores académicos ou os relativos á dereito de acceso á información pública. Nestes momentos a aplicación informática que sustenta o Portal de Transparencia non permite extraer os datos relativos a cales son os apartados, ou información, máis consultada dentro do mesmo.

Con respecto aos dous novos apartados debemos de informar que o relativo a Acceso aberto, nestes momentos destínase a dar información sobre ciencia aberta, xeito de divulgación científica que non se limita ás publicacións científicas, en referencia á apertura das publicacións, dos datos de investigación,



das metodoloxías, dos procesos de avaliación, nunha contorna de investigación e innovación máis transparente. No apartado de perfil do profesorado podemos acceder á información relativa ao perfil investigador e académico no profesorado da nosa universidade. Dende esta páxina podemos acceder a BIDI (Buscador de I+D+I) para coñecer o perfil investigador, ou ao perfil académico facendo a procura por nome da persoa ou por campus e centro.

Dentro da xestión diaria do Portal de Transparencia debemos destacar que se publican un total de 130 actualizacións de ficheiros e informes ao longo do ano, 22 máis que no 2019. A publicación deste ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da UVigo. A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de cento dúas peticións de datos e información que deben ser logo elaborada. Sobre a información recollida a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como poden ser o cálculo de equivalencias a tempo completo, ou a realización de táboas e gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para a participación en diferentes rankings e a realización de estatísticas oficiais.

Dos 130 ficheiros que se publican no Portal de Transparencia, 67 son no apartado de UVigo en cifras, o que implica máis dun 51,54 % do total publicado, que coincide tamén co feito de que este sexa o apartado máis visitado.

Con respecto ao mes que máis publicacións acumula no 2020 é o de outubro, con 17 ficheiros, seguido por maio e novembro con 15, cada un e xullo e outubro, cada un con 14 ficheiros. Sendo xaneiro con 7a arquivos e marzo con 8, os meses que menos publicacións teñen. En calquera caso, non debemos esquecer que o importante non é o número de ficheiros que se publican, senón a complexidade da información e tratamento da mesma, así como a utilidade da mesma.

Durante o 2020 segue ampliándose progresivamente a información dalgúns dos arquivos xa existentes, mellorando a súa capacidade de aportar novo coñecemento sobre diferentes items, afinando a súa preparación e destacando a información máis relevante dos mesmos. É importante resaltar que no 2020 se crean 12 novos arquivos de información que non se publicaban con anterioridade. A nova información publicada no 2020 é a que se reflicte na seguinte táboa.

#### Nova información publicada no 2020

Información	Apartado
2015_2019 Evolución de informe de provedores.	UVigo en cifras.
2019 Minusvalías, xubilación e outras situacións administrativas.	UVigo en cifras.
2019_ Proxectos internacionais e educativos.	UVigo en cifras.
Evolución do absentismo.	UVigo en cifras.
Evolución de proxectos.	UVigo en cifras.
Inserción laboral de mestrados 13-14.	UVigo en cifras.
2017_2019 Evolución de gastos por indemnización de servizo.	Información económica e orzamentaria.
Concesión administrativas.	Información económica e orzamentaria.
Equipamento de alto valor económico.	Información económica e orzamentaria.
Visor de transparencia económico-financeira.	Información económica e financeira.
2020 Informe THE University Impact Ranking.	Responsabilidade Social.
Retribucións brutas equipo de goberno.	Información sobre o persoal.

Ademais desta información, que ten unha actualización manual, unha parte dos indicadores que se atopan no Portal de Transparencia, sobre todo os que se poden consultar no apartado de UVigo en cifras, teñen unha actualización automática, tomando información directamente doutras aplicacións de xestión como Xescampus. A pesar de que existe esta actualización automática a UAP realiza comprobacións periódicas sobre ditos informes, e responde as consultas e dúbidas que sobre o mesmos trasladan as persoas que coordinan as actividades de calidade das titulacións. Xescampus. A pesar de que existe esta actualización automática a UAP realiza comprobacións periódicas sobre ditos informes, e responde as consultas e dúbidas que sobre o mesmos trasladan as persoas coordinadores de calidade das titulacións.

### Datos sobre a información máis consultada no Portal de Transparencia e de datos abertos

No artigo número 22 do Regulamento de Transparencia da Universidade de Vigo, na súa letra c), indícase que o informe anual debe conter os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.

Dentro da aplicación que soporta o Portal de Transparencia, e que é de acceso libre a través da web, podemos tomar as estatísticas de acceso coas cookies da aplicación Google Analytics. A información obtida indícanos que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2020, acadáronse un total de 39.642 visitas totais. Das cales un total de 347 son realizadas para traballos internos, polo que as visitas reais son un total de 39.295.

Sen dúbida o máis destacado do ano 2020 é un brusco descenso do número de visitas, de 71.093 a 39.642, o que implica un 44,24 % menos que no período anterior. O número de visitas por traballo interno continúa a tendencia dos anos anteriores, diminuíndo pola mellora nos procesos de traballo que se realizan na páxina. Debemos ter en conta que, o modo en que almacena datos Google Analytics sufriu modificacións no 2020, para adaptarse á nova normativa europea ao respecto. Polo que detectamos que parte da información relativa ás visitas podería estarse perdendo por dito motivo. Durante o 2021 intentaranse realizar os cambios que sexan precisos para que se recolla a máxima información posible.

Para poder traballar igualmente a información relativa ao número de visitas no Portal de Transparencia, contactamos coa Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) que nos facilita un informe completo do número de visitas que se realizaron no 2020 ao Portal de transparencia. Os resultados poden verse na seguinte táboa.

Táboa de número de visitas 2017-2020

Vistas	2017	2018	2019	2020	% valoración 2019-2020	% acumulada 2017-2020
Número total de visitas	61.924	70.082	71.093	65.736	-7,54 %	- 35,98 %
Visitas de traballo interno	1.283	1.156	623	ND	ND	ND
Número de visitas reais.	60.641	68.926	70.470	65.736	-6,72 %	8,40 %



Dos diferentes bloques nos que está dividida a información dentro da web é o bloque de UVigo en Cifras, ao igual que nos anos anteriores (2017, 2018 e 2019), é o que recibe a maior parte das visitas cun total de 43.394, as cales representan un 66,01 % das visitas reais ao Portal. En dito apartado atopamos información sobre a maior parte dos indicadores oficiais da Universidade de Vigo, que son utilizados para diversos fins, entre eles a verificación de títulos, a súa acreditación ou diversas estatísticas internas e externas. Mentres que os apartados menos visitados son os relativos a: dereito de acceso, oferta e demanda académica e Rankings, premios e distincións. Todos eles con porcentaxes de visitas por debaixo dun 2 % de visitas, e un 5,35 % acumulado entre eles.



Na seguinte táboa podemos ver os diferentes bloques da páxina principal do Portal de transparencia ordenados por números de visitas no 2020, e a súa evolución dende o 2019 ao 2020.

Táboa de bloques e números de visitas

Bloque	Número de visitas		% sobre vistas	
	2019	2020	2019	2020
UVigo en Cifras	40.591	43.394	57,90 %	66,01 %
Información económica e orzamentaria	3.184	5.281	4,52 %	8,03 %
Responsabilidade social	951	2.567	1,35 %	3,9 %
Información sobre o persoal	1.839	1.504	2,61 %	2,26 %
Información institucional	4.628	1.504	6,57 %	2,26 %
Rankings, premios e distincións	1.152	1.266	1,63 %	1,92 %
Oferta e demanda académica	7.199	1.142	10,22 %	1,73 %
Dereito de acceso á información pública	611	1.010	0,87 %	1,53 %

A continuación pasaremos a desenvolver máis polo miúdo os bloques que teñen máis de 2.000 visitas, cunha suma acumulada entre eles de 51.242 visitas. Estes bloques son: UVigo en Cifras, información económica e orzamentaria e responsabilidade social.



## UVigo en cifras

Tal e como comentamos con anterioridade é o bloque que máis visitas recibe, cun total de 43.394. Dentro deste bloque atopamos un total de 15 subapartados, entre eles: a información relativa ás titulacións oficiais, a avaliación da satisfacción ou as bolsas. Na seguinte imaxe e táboa podemos ver o conxunto de todos eles coas súas correspondentes visitas.

A continuación imos centrarnos na análise dos apartados de UVigo en Cifras que teñen máis de 2.000 visitas para estudar dentro deles que información é a máis consultada. Así, imos ver a información consultada dos apartados: titulacións oficiais, avaliación da satisfacción, persoal, inserción laboral e xestión económica e contratación. Podemos ver que a páxina principal de UVigo en cifras ten un total de 4.391 visitas, o que pode ser debido a que esta páxina é a que boa parte das persoas usuarias visitan para logo seguir cara a información que realmente están a procurar.

Como vemos as variacións interanuais en %, as máis importantes son as relativas á páxina principal e as titulacións oficiais, mentres que na maioría dos apartados son mínimas, o que indica que, aínda existindo unha variación importante no número de visitas totais, as páxinas visitadas son similares as do ano anterior. En todo caso, debemos ser conscientes de que o sistema de recompilación de datos variou dun ano a outro polo que debemos ser prudentes á hora de realizar comparacións interanuais.

UVigo en cifras 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Titulacións oficiais	15.655	38,57%	13.309	30,67 %	-7,90 %
Páxina principal	7.595	18,71%	4.353	10,03 %	-8,68 %
Avaliación da satisfacción.	4.246	10,46%	5.217	12,02 %	1,56 %
Persoal	1.976	4,87%	3.358	7,74 %	2,87 %
Profesores con horas de docencia	2.031	5,00%	1.858	4,28 %	-0,72 %
Xestión económica e contratación	1.142	3,48%	2.519	5,80 %	2,32 %
Inserción laboral	1.704	4,20%	2.533	5,84 %	1,64 %
Investigación e transferencia	1.114	2,74%	1.662	3,83 %	1,09 %
Datos xerais	1.390	3,42%	1.249	2,88 %	-0,54 %
Programas de mobilidade.	1.002	2,47%	1.301	3,00 %	0,53 %
Títulos propios e formación complementaria	629	1,55%	1.461	3,37 %	1,82 %
Bolsas	477	1,18%	720	1,66 %	0,48 %
Prácticas	479	1,18%	1.079	2,49 %	1,31 %
Actividades culturais, deportivas e de divulgación	305	0,75%	1.831	4,22 %	3,47 %
Infraestruturas	363	0,89%	539	1,24 %	0,35 %
Medio ambiente	213	0,52%	405	0,93 %	0,41 %

Dos apartados que vemos no bloque de UVigo en Cifras é o referente as titulacións oficiais o que maior número de visitas recibe, con un total de 13.309, que representa un 30,67 % do total deste bloque e un 20,25 % sobre o total de visitas ao portal. Tal e como comentamos con anterioridade, o bloque de UVigo en Cifras recolle a maior parte dos indicadores e datos oficiais da Universidade de Vigo, os cales se atopan, á súa vez recollidos de xeito maioritario no subapartado de estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster, que son as titulación maioritarias que se imparten na nosa universidade. Na táboa seguinte desagregamos os datos para chegar, co maior detalle posible, a información que resulta ser a máis consultada dentro do noso Portal de Transparencia. Como podemos ver na seguinte táboa as diferenzas porcentuais con respecto ao ano pasado son pequenas, excepto na páxina principal de titulacións oficiais e na principal que da acceso aos indicadores de grao, 1º e 2º ciclo, e mestrado.

## UVigo en cifras. Subapartado de Titulacións oficiais 2019 e 2020

Subapartado titulacións oficiais	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo e máster	4.861	31,05 %	2.835	21,30 %	-9,75 %
Titulacións oficiais	3.591	22,94 %	2.455	18,45 %	-4,49 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo e máster. REN.Rendemento	1.210	7,73 %	1.293	9,72 %	1,99 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e master/ABA. Abandono.	499	3,19%	791	5,94%	2,75
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo e máster. MAT.Matrícula	857	5,47 %	709	5,33 %	-0,14 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. GRA. Graduación.	727	4,64 %	646	4,85 %	0,21 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. PRE.GRA. Admisión de grao	691	4,41 %	818	4,64 %	-0,23 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e máster/ Catálogo de indicadores de centros e titulacións	688	4,39 %	353	4,11 %	-0,28 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. ACC. Acceso e matriculación inicial	638	4,08 %	554	4,16 %	0,08 %
Doutoramento	534	3,41 %	330	2,48 %	-0,93 %
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e master/ PRE:MAS: Administración de master.	261	1,67 %	420	3,16 %	1,49 %
Notas medias titulacións	294	1,88 %	448	3,67 %	1,79 %
Notas medias RD 1125/2003	231	1,48 %	213	1,60 %	0,12 %
Doutoramento. /MAT.DOU. Matrícula doutoramento RD 99/2011	129	0,82 %	319	2,40 %	1,58 %
Doutoramento. / ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento RD 99/2011	117	0,75 %	167	1,25 %	0,50 %
Doutoramento. /GRA. Dou. Graduación doutoramento RD 99/2011.	110	0,71%	139	1,04 %	0,33 %
Doutoramento. Catálogo de indicadores de doutoramento RD 99/2011.	98	0,63 %	88	0,93 %	0,30 %
Doutoramento. Evolución teses defendidas por curso académico.	83	0,53 %	61	0,46 %	-0,07 %
Doutoramento/ Matrícula en programas de doutoramento anteriores ao RD 99/2011.	36	0,23 %	53	0,40 %	0,17 %
Credit and Degree Mobility	-	-	64	0,48%	0,48%

Como podemos ver dentro do apartado de titulacións oficiais a súa páxina inicial recibe 2.455 visitas, mentres que o seu subapartado estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster é o máis visitado, xa sexa na súa páxina inicial (con 2.835 visitas), como nas que corresponden aos diferentes indicadores. O apartado de Titulacións Oficiais é o 20,24 % sobre o total de visitas do Portal de Transparencia.

Dentro dos indicadores relativos aos estudos de grao, 1º e 2º ciclo e mestrado son os de rendemento os máis consultados, con 1.293 visitas, seguidos dos de abandono e dos de matrícula con 791 e 709 visitas respectivamente.

Dentro da información relativa aos estudos de doutoramento temos un total de 1.323 visitas. Sendo a páxina inicial e o indicador de matrícula dos programas de doutoramento do RD99/2011 a información máis visitada, con 330 e 319 visitas respectivamente.

O segundo apartado máis visitado de UVigo en Cifras é o de Avaliación da satisfacción, cun un total de 5.217 visitas. Neste apartado recóllese unha serie de enquisas, incluídas as da Área de Calidade da nosa universidade.

Dentro do apartado de avaliación de satisfacción, é a páxina relativa a enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais relativas ao alumnado e profesorado a que ten maior número de visitas, con 1.563, seguida da páxina principal deste apartado, con 883, que é dende a que se dirixen as persoas usuarias para logo consultar a restante información. Con respecto as enquisas de satisfacción do estudantado do programa de maiores ten un total de 602 visitas, mentres que as enquisas as persoas egresadas teñen un total de 532 visitas.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

#### UVigo en cifras. Avaliación da satisfacción 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais	1.427	33,61 %	883	46,93 %	13,32 %
Avaliación da satisfacción páxina principal	1.199	28,24 %	857	16,43 %	-11,81 %
Enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado	829	19,52 %	1563	29,96 %	10,44 %
Enquisa de satisfacción de egresados/as	339	7,98 %	532	10,20 %	2,22 %
Enquisa de satisfacción de PAS centros	188	4,43 %	349	6,69 %	2,26 %
Enquisas de satisfacción de doutoramento	129	3,04 %	431	8,26 %	5,22 %
Enquisas de satisfacción do estudantado do programa de maiores	72	1,70 %	602	11,54 %	9,84 %

O terceiro apartado máis visitado de UVigo en Cifras é o de Persoal, cun un total de 3.358 visitas. Neste apartado recóllese información sobre .os indicadores de persoal da UVigo, indicadores das actividades de formación do persoal, indicadores de acreditación PAS centros e indicadores de absentismo.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

#### UVigo en cifras. Persoal 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Persoal	1044	52,83 %	702	20,91 %	-31,93%
Indicadores de persoal	630	31,88 %	1557	46,37 %	14,48 %
Indicadores de actividades de formación de persoal	132	6,68 %	434	12,92 %	6,24 %
Indicadores de acreditación PAS centros	114	5,57 %	197	5,87 %	0,10 %
Indicadores de absentismo	56	2,83	468	13,94 %	11,10 %

O cuarto apartado en número de visitas en UVigo en cifras é o de inserción laboral no que se poden consultar datos sobre a inserción laboral das persoas tituladas, tanto en grado, como mestrado e doutoramento.

Indicadores realizados tanto pola UVigo como por outras entidades externas (SUG e SUE).

Na táboa seguinte podemos ver a información destsubapartado desagregada.

#### UVigo en cifras. Inserción laboral 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Indicadores de inserción laboral das persoas tituladas (ciclos, grao e mestrado)	1054	85,34 %	1575	91,04 %	-13,62 %
Inserción laboral das persoas tituladas (doutoramento)	77	6,23 %	272	13,39 %	6,15 %
Orientación e fomento do emprego	104	8,42 %	349	15,89 %	7,47 %

Por último no apartado de xestión económica e contratación recíbense un total de 2.519 visitas, dentro do cal son os indicadores orzamentarios o apartado máis visitado, seguido dos indicadores de xestión económica, con 668 e 608 visitas respectivamente.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

#### UVigo en cifras. Xestión económica e contratación 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Páxina principal	411	29,11 %	390	15,48 %	-13,63 %
Indicadores orzamentarios	458	32,44 %	668	26,52 %	-5,92%
Indicadores financeiros	161	11,40 %	419	16,63 %	5,23 %
Indicadores de xestión económica	198	14,02 %	608	24,14 %	10,11 %
Indicadores de contratación	138	9,77 %	236	9,37 %	-0,40 %
Catálogo de indicadores orzamentarios e financeiros	46	3,26 %	198	7,86 %	4,60 %

### Información económica e orzamentaria

Tras Uvigo en cifras o apartado xeral, dos 10 que compoñen o Portal de transparencia, que máis visitas recibe é o de información económica e orzamentaria cun total de 5.281 visitas. Neste apartado pode consultarse información relativa á contratación da UVigo, ás medidas antifraude, a información patrimonial, entre outros apartados. Como podemos ver na seguinte táboa, que desagrega os datos deste apartado, é a páxina principal a que maior número de visitas recibe, dende ela pódese navegar aos apartados medidas antifraude, con 914 visitas, contratación, con 718 visitas, ou información patrimonial con 465 visitas.

#### UVigo. Xestión económica e orzamentaria 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2019	% 2019	Visitas 2020	% 2020	variación interanual
Páxina principal	2.324	72,99 %	1.785	33,80 %	-39,19 %
Medidas antifraude	102	3,20 %	914	17,31 %	14,10 %
Contratación	384	12,06 %	718	13,60 %	1,54 %
Información patrimonial	122	3,83 %	465	8,81 %	4,97 %
Indemnizacións por razón de servizo	-	-	386	7,31 %	7,31 %
Subvencións	23	0,72 %	329	6,23 %	5,51 %
Execución orzamentaria	25	0,79 %	197	3,73 %	2,95 %
Encomendas de xestión	81	2,54 %	189	3,58 %	1,03 %
Préstamos	27	0,85 %	178	3,37 %	2,52 %
Convenios	96	3,02 %	120	2,27 %	-0,74 %

### Responsabilidade social

O número de visitas do apartado de responsabilidade social ascende a 2.567. Neste apartado atopamos reflectida a información relativa ás novas de responsabilidade social da UVigo, publicadas en forma de boletín mensual. Tamén poden ser consultadas as memorias anuais de responsabilidade social e a posición e puntuación da nosa entidade no ranking THE Impact, que valora o impacto das universidades na sociedade e o seu éxito no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Na seguinte táboa podemos ver a información deste apartado desagregada. Non se pode establecer unha comparativa desglosada con respecto ao ano anterior posto que este apartado mudou o seu contido de xeito importante no 2020.

#### UVigo. Responsabilidade social 2019 e 2020

Apartado	Visitas 2020	% 2020
Páxina principal	1.093	42,58 %
Memorias RSU	928	36,15 %
Novas	471	18,35 %
THE Impact Ranking	75	2,92 %




### Información xeral sobre as visitas ao portal de transparencia

Nesta sección vai reflectirse algunha información que pode ser de interese con respecto ás visitas ao Portal de Transparencia. Esta información ten que ver, por exemplo, co país dende o que proceden as persoas usuarias, cidade dende a cal realizan as súas visitas ou tipo de dispositivo que usan. Esta información proven dos datos de Google Analytics que se puideron recompilar ata o momento en que esta entidade realizou cambios no seu sistema de recollida de datos para adaptarse á normativa europea.

Se revisamos polo miúdo o país, idioma e cidade de acceso, podemos ver que o país maioritario dende o que acceden as persoas usuarias é España, co 92,79 % peso total. O segundo país en importancia é Portugal, cun 1,94 %. Con porcentaxes inferiores ao 1 % atopamos a Arxentina, Brasil ou Estados Unidos, entre outros.


Con respecto ás cidades dende as que se producen as visitas, podemos comprobar no gráfico que se ve a continuación, que Vigo é a principal provedora de persoas usuarias, cun 36,64 %, seguida de Madrid e Ourense cun 15,51 % e un 8,76 %, respectivamente. Con un 18,41 % porcentaxe temos unha serie de persoas usuarias dos que non coñecemos a súa cidade de procedencia.

Persoas usuarias por país 2020



Outros países		
	Usuarios	%
Portugal	103	2%
Argentina	48	1%
Brasil	45	1%
Estados Unidos	44	1%
Mexico	37	1%
Colombia	33	1%
Alemaña	31	0%
Reino Unido	23	0%
Italia	18	0%


Porcentaxe de usuarios por cidade 2020




En canto ao idioma, identificado no navegador que se usa para o acceso ao Portal de Transparencia, podemos observar que o máis utilizado é o español cun 90 %, seguido do inglés, cun 5 %, o Portugués, cun 3 % e o galego cun 2 %.

Con respecto ao momento do ano no que se máis persoas usuarias visitan a páxina, no gráfico que se inxire a continuación vemos que os meses que maior número teñen foron os de xuño, con 1 807 usuarios, febreiro, con 1.720, xaneiro, con 1.506 e maio con 1.330. Cabe destacar que no 2020 produciuse un descenso moi acusado do número de persoas usuarios no segundo semestre do ano, como se pode ver no seguinte gráfico. Debemos recordar neste punto que a ferramenta Google Analytics variou a forma de tomar datos, polo os datos que aquí se reflicten non son completos.

Idioma do navegador




Número de usuarios por mes 2020



Con respecto ao número de persoas usuarias por día da semana observamos que os días que maior número de usuarios reciben son os martes, seguido polos mércores, luns e xoves. Tal e como se poden ver no gráfico que se acompaña.


Número de usuarios por día da semana 2020




Finalmente cabe destacar que o dispositivo de acceso máis usado polas persoas usuarias é o PC de sobremesa cun 60 % de uso, mentres que o acceso dende dispositivos móbiles, tanto móbil como táblet, ten un importante ascenso dende o ano 2018, debido sobre todo ao uso de móbiles que aumenta en 11 puntos. Como podemos ver no seguinte gráfico o dispositivos de sobremesa van cedendo terreo ao uso dos dispositivos móbiles, máis concretamente ao uso de móbil.

En relación coas canles de acceso empregadas polas persoas usuarias para entrar no Portal de Transparencia observamos que o tráfico producido utilizando un enlace referenciado noutra web é o medio máis utilizado. Dentro deste tipo de acceso é o enlace do Portal que se atopa na web principal de UVigo o máis utilizado con 3.903 persoas usuarias. Mentres que o tráfico directo, o que accede usando a propia dirección do Portal de Transparencia, é de 971 persoas usuarias. Nos gráficos que se acompañan pode verse a información desagregada.

Porcentaxe por tipo de dispositivo



Porcentaxe por medio de tráfico 2020



---

---

---

---

---


---

---

---

---

---



## *Reclamacións presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia*

Segundo o artigo 24 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro) fronte a toda resolución, expresa ou presunta, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativo. As resolucións de dito Consello deben ser publicadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contiveran, por medios electrónicos unha vez se teñan notificado ás persoas interesadas.

Así mesmo, no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública poderán interpoñerse perante o Valedor do Pobo e deben ser publicadas no Portal de transparencia da entidade. Segundo o artigo 33 da mesma lei créase a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. Debe ser a Comisión de Transparencia a que resolva as reclamacións fronte ás resolucións de acceso que establece o artigo 28 desta lei.

Dende que se establece o procedemento para a presentación de solicitudes do dereito de acceso a Universidade de Vigo tivo unha reclamación no ano 2016 e dúas ao ano 2018. No 2019, a Universidade de Vigo non tivo ningunha reclamación presentada contra a denegación de solicitudes de dereito de acceso.

No 2020 presentouse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, contra unha resolución do 24 de febreiro do 2020 da Secretaría Xeral da Universidade de Vigo que era favorable, pero que a persoa solicitante non considerou cumprida a súa solicitude de información. A resolución da Comisión de Transparencia foi estimatoria, instando á Universidade de Vigo a cumprir co solicitado.

O contido de ditas resolucións, por parte da Comisión de Transparencia de Galicia poden ser consultada no seguinte enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>



---

---

---

---

---


---

---

---

---

---



## Posición nos rankings de transparencia

### Fundación Compromiso y Transparencia

A Fundación Compromiso y Transparencia, coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o “Examen de transparencia. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas”. Este informe realízase dende o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web. O obxectivo principal dos informes desta fundación é impulsar a transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo a súa rendición de contas. No ano 2016 esta fundación xa informaba que tomaba a decisión de dar por finalizada a serie de rankings anteriores, comezando cunha nova xeración que inclúa indicadores máis centrados en aspectos relacionados coa gobernanza das universidades e o seu impacto na sociedade. Iniciando, ao mesmo tempo un proceso de consulta para determinar cal sería a metodoloxía que se considera máis adecuada ao respecto.

Deste xeito no 2020 publica o “Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas”. Nesta anualidade a Universidade de Vigo mellora a súa posición con respecto ano pasado, continúa dentro do grupo das transparentes pero mellora a súa puntuación de 44 a 50 puntos. Logra así estar no terceiro posto xunto coas universidades de Burgos e Oviedo.

#### Transparentes

Universidad de Castilla la Mancha	53
Universidad de Huelva	53
Universidad Rey Juan Carlos	51
Universidad de Cantabria	51
Universidad de Burgos	50
Universidad de Oviedo	50
Universidad de Vigo	50
Universidad Carlos III de Madrid	49

Fonte: Fundación Compromiso e Transparencia  
(<https://www.compromisoytransparencia.com/rankings-de-transparencia/sector/universidades>)

Comparando co informe de 2019 observamos que se consegue mellorar no cumprimento dos seguintes items :


- Informe de responsabilidade social.
- Información relativa á oferta e demanda académicas, tanto anual coma a súa evolución.
- Perfil do PDI.

A pesar do importante grado de cumprimento dos items que se desenvolven neste ranking hai algúns un puntos onde o cumprimento é nulo, en concreto:

- Na publicación do Plan estratéxico.
- Na publicación do Informe de control polo Consello Social

Debemos destacar a boa evolución da Universidade de Vigo neste ranking, tal e como se pode ver no seguinte gráfico.

## 50 Universidade de Vigo



Fonte: <https://www.compromisoytransparencia.com/rankings-de-transparencia/sector/universidades-publicas/2019/universidad-de-vigo/evolucion>).

### *Dyntra (DinamicTransparency Index)*

Por outra banda, no 2017 a plataforma *Dyntra* (DinamicTransparencyIndex) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo, que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. O seu obxectivo é medir a información pública de Gobernos, Administracións Públicas, partidos políticos, cargos electos e diferentes actores sociais, dunha maneira dinámica, eficiente, transparente e aberta. Esta organización, a través dunha plataforma colaborativa, avalía un total de 137 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades. Na consulta realizada en setembro do 2020 a posición da UVigo era a segunda, cumprindo cun total de 125 dos 137 indicadores referidos, o que implica un 91,24 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking absolutamente dinámico, polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

#### Rankings de transparencia

Posición	Entidade	Porcentaxe
1	Universidad de Burgos	91,97 %
2	Universidade de Vigo	91,24 %
3	Universidad de Valladolid	91,24 %
3	Universidad de Murcia	87,59 %
6	Universidad Rey Juan Carlos	82,48 %
6	Universidad de Girona	78,1 %
7	Universidad de Zaragoza	77,37 %
8	Universidad de A Coruña	76,64 %
8	Universitat de les Illes Balears	75,18 %
10	Universidad de Cádiz	75,18 %

Os indicadores actualizados durante o 2020 foron:

- Due134 As titulacións que acreditan a formación recollida no c.v. do persoal eventual.
- Due145 Publícase a relación de bens mobles de valor histórico-artístico e/ou dos de alto valor económico da Universidade.
- Due1615 Publícanse os datos anuais sobre absentismo laboral, así como a evolución nos últimos 5 anos.
- Due5212 Publícanse as Concesións administrativas asinadas pola entidade.
- Due1117 Existe unha Caixa do Reitor/a.
- Due1613 Publícanse as regras e procedementos vixentes para a eliminación de documentos.


Alguns indicadores que non cumpre á UVigo, segundo os diferentes apartados, son:

- Due119 A declaración da renda do Reitor/a e Vicerreitores/as.
- Due1111 A declaración patrimonial, bens e actividades do Reitor/a e Vicerreitores.
- Due125 A declaración patrimonial, bens e actividades do Secretario Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due127 Existe enlace a redes sociais do Secretario/a Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due146 Publícase o inventario de Bens e Dereitos da Universidade.
- Due1614 Existe e publícase un Plan de Absentismo Laboral.

- Due215 Existe un módulo na web institucional que permita a accesibilidade universal á información publicada.
- Due241 Existe un portal Open Data.
- Due321 Existen ferramentas que permitan a consulta e participación do alumnado nos procesos de toma de decisión.
- Due324 Publícanse estas propostas para a súa deliberación pública.
- Due325 Publícase a información relativa á Rendición de Contas a través dalgunha ferramenta ou visor, que permita ós cidadáns coñecer o grao de cumprimento dos compromisos electorais do reitor durante a lexislatura.
- Due426 Existe un visor de Transparencia Económica-Financeira onde se amosen os datos do orzamento e o seu estado de execución de forma gráfica, clara, accesible e entendible pola cidadanía.


No seguinte gráfico pode verse a evolución cronolóxica da transparencia na Universidade de Vigo, segundo este ranking.

### Evolución conolóxica da transparencia



Fonte: Dyntra (<https://www.dyntra.org/poi/universidade-de-vigo/?prev=indices/universidades>).





## *Portal de datos en aberto*

### *Open Data*

O regulamento de Transparencia e de Acceso á Información Pública da Universidade de Vigo establece no seu artigo 9 a definición do Portal de datos abertos como “O catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. O portal de datos abertos, accesible desde o portal de transparencia, será o punto de acceso ao catálogo de información reutilizable.”

A pesar da aprobación do dito regulamento, polo Consello de Goberno o 9 de novembro de 2017 e o establecido na súa disposición transitoria que indicaba que no prazo de seis meses desde a entrada en vigor se publicaría o portal de datos aberto, pero a data de hoxe aínda non foi posible a súa posta en funcionamento por non dispoñer de medios técnicos propios para a realización dun Open Data propio.

Ao mesmo tempo, como se comentou no apartado de rankings, dispoñer dun Open Data é avaliado por parte do ranking de transparencia DYNTRA, en concreto no indicador “Due241 Existe un portal Open Data”. O feito de non dispoñer de dito indicador implica que este apartado non se atope cumprimentado e polo tanto non pode ser avaliado.

### *UVigo en cifras*

Aínda que universidade non dispón dun Open Data, o apartado do Portal de Transparencia “UVigo en Cifras” ten unha funcionalidade semellante a un catálogo de datos en aberto, posto que dentro del atopamos a información máis relevante da súa actividade. Por tal motivo, o mesmo ranking DYNTRA o avalía no indicador “Due242 Existe un catálogo de datos abiertos relacionado con las competencias y área de actividades de la Universidad”.

### *Acceso aberto. Open access*

No Portal de Transparencia, no ano 2019, creouse unha nova páxina denominada “Acceso Aberto” no que se informa do acceso en aberto, “Open Access”, como parte do que se denomina Ciencia en Aberto, “Open Science”, que implica unha divulgación científica non limitada ás publicacións científicas, un concepto que fai referencia á apertura das publicacións, dos datos de investigación, das metodoloxías, dos procesos de avaliación, nunha contorna de investigación e innovación máis transparente.

Dentro deste apartado, mediante unha ligazón informa da páxina editada pola Biblioteca Universitaria sobre este tema na Universidade de Vigo, cuxos datos están dispoñibles no Repositorio Institucional para o depósito da produción científica INVESTIGO.



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## *Información de contacto*

### *Unidade de Análises e Programas*

Edificio Filomena Dato  
As Lagoas Marcosende s/n  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tel. 986 818 689  
[https://uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/  
unidade-analises-programas](https://uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas)

